



RESOLUCIÓN

Por resolución nº 2024001913, do 15 de abril de 2024, aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas para participar no procedemento selectivo do persoal para o servizo de socorrismo e salvamento nas praias do concello de Oleiros na que, entre outras categorías, figuraba a de seis auxiliares de información e primeiros auxilios.

Despois de rematar o prazo conferido para os efectos de reclamacións e correccións de defectos nas solicitudes.

No exercicio das facultades que se confiren ao alcalde polo art. 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e que, por delegación, en virtude do DA nº 2023003281, do 21 de xuño, corresponden a esta tenencia de alcaldía;

RESOLVO:

1.- Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas para participar no procedemento selectivo de seis auxiliares de información e primeiros auxilios, que queda como segue:

APELIDOS E NOME	DNI
CONDE CRECENTE, VERA	***4448**
FRANQUEIRA LOSADA, LUCIA	***0142**
GARRIDO SOUZA, MARIA DEL PILAR	***1645**
NAVEIRA SOUTO, BRAIS	***7726**
PLATAS GUERRA, UXIA	***5819**
CANOSA BALADO, ARANZAZU	***8572**
ENRIQUEZ CASTRO, CARMEN	***2545**
GOMEZ LOPEZ, SANDRA	***5700**
LOPEZ GARCIA, RUBEN	***2998**
ROMAY CORREDOIRA, SUSANA	***2973**

2.- O tribunal cualificador do procedemento selectivo estará constituído polos seguintes membros:

PRESIDENCIA:

Titular: M^a Soledad de Arriba Docal Suplente:

Suplente: Marcos Veiga Rodríguez

SECRETARÍA:

Titular: Ramón A. Mosqueira Rodríguez

Suplente: Ricardo Pueyo Santillana

VOGAIS:

Titular: Juan M. Suárez Vilas

Suplente: M^a Carmen López Vázquez

Titular: Alberto Armada Rodal

Suplente: M^a José Mesías Fernández

Titular: Ana I. Prieto Fontela





Suplente: María Sandra Rodríguez Amado

3.- De acordo coas bases da convocatoria, establecer o seguinte calendario das probas:

Fase de concurso:

Avaliación de méritos: O día 3 de xuño de 2024 ás 09.30 h. O tribunal a porta pechada.

Fase de oposición:

Proba de coñecementos: O día 4 de xuño 2024 en único chamamento ás 9.30 h, no Centro Municipal de Formación "Isaac Díaz Pardo" (rúa dos regos, 24, Liáns, Oleiros).

Proba de piscina: O día 5 de xuño de 2024. A hora e lugar do chamamento para a realización desta proba publicarane na páxina web municipal antes das 18.00 h do día anterior.

Proba práctica: O día 6 de xuño de 2024 en único chamamento ás 9.30 h, no Centro Municipal de Formación "Isaac Díaz Pardo" (rúa dos regos, 24, Liáns, Oleiros).

Proba de coñecemento da lingua galega: O día 6 de xuño de 2024 en único chamamento, ao remate da proba práctica no mesmo lugar.

De acordo co establecido nas bases, será necesario superar cada unha das probas para participar na seguinte. O resultado de cada proba publicarase na páxina web do Concello (www.oleiros.es) antes das 18.00 h do día anterior ao da realización da seguinte. Se por causas de forza maior apreciadas polo tribunal, houberse que modificar o lugar, a hora ou a data de celebración dalgún exercicio, publicarase do mesmo xeito.

Os chamamentos das diferentes probas realizaranse por orde alfabética e empezarán por aquelas persoas cuxo primeiro apelido comece pola letra "H", que deberán vir provistas do DNI en vigor ou a documentación acreditativa equivalente.

Ademais, na proba de coñecementos deberán acudir cun bolígrafo coa tinta de cor azul ou negra, e na proba de piscina deberán achegar (en papel) o informe médico esixido nas bases da convocatoria.

4.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal e notificarlla aos membros do tribunal. Deixar constancia de que os sucesivos anuncios relativos ao proceso selectivo publicaranse unicamente no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola concelleira delegada de Persoal en funcións, e o/a Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

